



como representante de los trabajadores de la empresa Carlos Sabucedo Gómez.

Exponen:

1. Que se han reunido en la fecha que consta en el encabezamiento para el estudio y firma de la actualización de las tablas salariales para el año 2008, sustituyendo las nuevas a las que regían anteriormente.

Se ha aprobado un aumento del salario del 8% para los salarios vigentes en el año anterior.

Que tras las correspondientes deliberaciones y votaciones se han aprobado las siguientes actualizaciones:

Salarios 2008

Mes de 30 días

Categorías; Salario base; Benefic. 15%; Plus horario; Nocturnidad; Total mes

Pala; 855,46; 128,32; 16,99; 58,35; 1.059,12

Masa; 833,21; 124,99; 16,99; 58,35; 1.033,54

Mesa; 817,61; 122,65; 16,99; 58,35; 1.015,60

Ayudante; 796,95; 119,55; 16,99; 58,35; 991,84

Mayordomo; 832,82; -; -; 832,82

Repartidor despachos; 817,61; -; -; 817,61

Repartidor domicilio; 769,24; -; -; 769,24

Oficial administrativo; 884,53; -; -; 884,53

Chofer repartidor; 855,45; -; -; 855,45

Limpiador; 619,23; -; -; 619,23

La empresa. Fdo.: Carlos Sabucedo Gómez.

Representante trabajadores. Fdo.: Manuel García Iglesias.

R. 451

## Consellería de Traballo

### Delegación Provincial Ourense

Sección: Relacións Laborais

Código Unidade Administrativa CUA: 477 017

Unha vez visto o texto das actas de data 18 e 21 de decembro de 2007 onde se acordan engadirle unha disposición final aclaratoria, remuneración dos peóns, ó convenio colectivo provincial do sector de fabricantes de mobles, carpintería, tapicería e ebanistería de Ourense, publicado no BOP n.º 165 do 18 de xullo de 2007 (código de convenio n.º 3200185) e establece-los días libres no sector para o ano 2008, acordos estes subscritos polos membros da Comisión Paritaria do citado convenio colectivo integrada, dunha parte, en representación da parte empresarial, polos representantes da Asociación de Carpintería, Tapicería e Ebanistería de Ourense e a Asociación de Fabricantes de Mobles de Cociña de Ourense, e doutra, en representación dos traballadores do sector, polos representantes das centrais sindicais Unión Xeral de Traballadores (UXT), Confederación Intersindical Galega (CIG) e Comisiones Obreiras (CCOO), e de conformidade co disposto no artigo 90.2.º e 3.º do Estatuto dos traballadores, texto refundido aprobado polo Real decreto 1/1995, do 24 de marzo, Real decreto 1040/81, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo e Real decreto 2412/82, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo e as demais normas aplicables do dereito común, esta delegación provincial acorda:

Primeiro.- Ordena-la súa inscrición no libro de rexistro de convenios colectivos de traballo, obrante nesta delegación provincial, e notificación ás representacións empresarial e social da comisión negociadora.

Segundo.- Ordena-lo seu depósito no Servizo de Relacións Laborais, Unidade de Mediación, Arbitraje e Conciliación (UMAC).

Terceiro.- Dispoñe-la súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Ourense, 19 de xaneiro de 2008. A delegada provincial.

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta.

Acta da comisión paritaria

En Ourense, sendo as 19:30 horas do día 18 de decembro de 2007, reúnese na sede de UXT, a Comisión Paritaria do convenio colectivo de fabricantes de mobles, carpintería, tapicería e ebanistería de Ourense, segundo o establecido no artigo 17 do propio texto.

Pola parte empresarial comparece: Juan Carlos Parada, María de Miguel Pérez.

Pola parte sindical: por UXT, Javier Carreiro Vázquez; pola CIG, Xan Losada González, e por CC.OO, Antonio Pérez Jácome.

As partes comentan a necesidade de aclarar cal é o soldo do peón dado que xurdiron algúns problemas ó non coincidi-lo, reflectido na táboa salarial co incremento pactado para o resto de categorías.

Dado que a remuneración do peón tivo un tratamento específico tal e como figura na acta de acordo e sinatura subscrita polas partes o 4 de xuño, as partes acordan engadir no texto do convenio a efectos aclaratorios a seguinte disposición final:

" No 2007, ó salario do peón do ano anterior, sumaránselle 50,00 €, para a continuación aplicarlle o incremento pactado para o resto de categorías, é dicir 3,90%, resultando polo tanto a cantidade de 876,48 €".

Sen máis asuntos que tratar, acórdase remata-la presente acta, que lida é asinada por tódolos asistentes en proba de conformidade.

Acta da comisión paritaria do convenio colectivo de fabricantes de mobles, carpintería, tapicería e ebanistería de Ourense.

En Ourense, sendo as 20:05 horas do día 21 de decembro de 2007, reúnen na sede de UXT a representación empresarial e sindical do convenio colectivo de fabricantes de mobles, carpintería, tapicería e ebanistería de Ourense, co fin de constituí-la mesa de negociación.

Pola parte empresarial comparece: a Asociación de Carpintería, Tapicería e Ebanistería de Ourense: Juan Carlos Parada e a Asociación de Fabricantes de Mobles de Cociña de Ourense: Antonio Orjales Praza.

Pola parte sindical: por UXT: Javier Carreiro Vázquez.

Pola CIG: Xan Losada González.

Por CC.OO: Antonio Pérez Jácome.

A reunión foi convocada cun único punto na orde do día: establece-los días libres que corresponden no 2008 para realiza-la xornada establecida no artigo 4 do convenio colectivo, é dicir 1.752 horas.

As centrais sindicais propoñen como días libres:

- 4 de febreiro
- 17 e 18 de marzo
- 2 de maio
- 24 de xullo
- 14 de agosto
- 31 de outubro
- 10 de novembro
- 24, 26 e 31 decembro.

A parte empresarial acepta a proposta quedando xa estes días libres que, en todo caso, poderán ser substituídos por outros, previo acordo entre empresa e traballador.

E sen máis asuntos que tratar remata a sesión cando son as 20:00 horas no lugar indicado no encabezamento.